Á calor do conflito xerado pola presenza no programa da I Feira do Libro Anarquista e Social (FLAS) organizada pola CNT-Vigo e o GAD-FAI dun agresor machista denunciado en múltiples ocasións no movemento libertario, e en vista do comunicado que es responsables da feira fixeron público, algunhas editorais que iamos formar parte e que agora estamos ausentes vímonos co deber moral como anarquistas e feministas de escribirmos outro.

Non se trata este noso comunicado dunha resposta ao publicado poles organizadoris do evento nin pretendemos xerar debate ou enfrontamento directo. Só nos gustaría esclarecer certas cousas co gallo de nutrir e fortalecer os nosos movementos, para que sexan espazos máis éticos, feministas, inclusivos e que se centren no coidado sincero das súas militantes. Por isto, queriamos abrir este escrito agradecendo o traballo de investigación e o esforzo que es compañeires de CNT Vigo fixeron por recompilar a información e ofrecer un espazo de mediación nesta situación: sabemos que non sería un proceso doado para elus.

Apreciando as boas intencións que motivaron o seu proceder e mesmo a súa conclusión, vemos importante apuntar varias cousas moi problemáticas para nós: a falsa neutralidade dunha información que se revela nesgada e incompleta, e mais o branqueamento da violencia patriarcal no uso da linguaxe.

Nós acreditamos no antipunitivismo, ao igual que es compañeires de Vigo. Porén, preocúpanos que este se transforme reiteradamente en escudo retórico para unha mala praxe. Non nos cansamos de repetir que cómpre desmasculinizar o movemento libertario, e magóanos ver como, en dito comunicado des compañeires de Vigo, en ningún momento aparecen as palabras “patriarcado”, “machismo” ou “violencia machista”. Non queremos caer na revitimización, e entedemos que es compañeires tampouco á hora de escolleren a terminoloxía coa que referirse ás partes involucradas, pero ás veces hai que chamar as cousas polo seu nome: houbo un home maltratador e unha muller maltratada. Cando se alude á dita relación de maltrato, indignounos ver que só se empregaba a expresión “relación tóxica”, caendo nesa ambigüidade lingüística que todas as compañeiras feministas coñecemos e que insinúa, en consonancia co resto do discurso do comunicado, que tanto a situación de orixe como o proceso de diálogo é bidireccional. Fontes directas coa parte afectada, ademais, indican que nesta relación de parella non houbo só “maltrato psicolóxico”, senón tamén físico, cousa que non aparece no seu comunicado.

Preocúpanse en apuntar que “a vítima non emprendeu medidas legais nin de denuncia pública” mais si persoas do seu entorno, e a realidade é que a vítima, se non denunciou, foi por medo. Hai no comunicado repetidas falacias, unha delas a comparación impropia arredor da reinserción social: o feito de que o Estado permita a reinserción da cidadanía non significa que o movemento anarquista deba aceptar a inserción dun agresor sen atender aos tempos e motivacións necesarias para unha reparación honesta e coidadosa. Pero cando se trata de restarlle valor ao sucedido aludindo á falta de medidas legais que se tomaron, parece que aí si interesa que a xustiza ordinaria do Estado burgués entre en xogo. Neste punto, “as solucións que somos capaces de brindar dende o ámbito libertario” que entristeceron aes noses compañeires de Vigo, poderían ter sido varias: adiar o evento, aprazar a participación do acusado, propor un diálogo coas editoriais que denunciaron… pero esta falacia da falsa dicotomía entre vetar e non vetar exclúe solucións intermedias.

Por outra parte, o debate ético céntrase no esforzo invertido poles compañeires de Vigo e non polo peso da conclusión en si. Fanse algunhas referencias ao "gasto emocional" que aes organizadoris repercutiu este "proceso rigoroso e extenuante", o cal durou unha semana fronte a anos de agresións e secuelas de varias das vítimas. Isto, e mais unha apelación perigosamente relativista á obxectividade (como podemos apelar á neutralidade como un valor nun contexto estrutural desigual? Volvemos a caer no discurso que ignora e non lle da nome ao patriarcado) outórgalles unha autoridade moral para considerar que o agresor non se merece o veto.

Consideramos que, quizais, es compañeires de Vigo non sexan conscientes de que ao decidiren non vetar a parte agravante agora, están tomando outra decisión: deixar de lado a esas editoriais que denunciaron por correo ou aes compañeires que non se sentisen segures coa participación do agresor.

Se non se priorizase o relato da persoa acusada, deberían atenderse non só o seu discurso de arrepentimento senón a varias declaracións que din que o seu comportamento é reincidente. De nada serve aludir que o seu abuso das drogas foi mitigado (por que lles pareceu importante aes compañeires de Vigo indicar que foi froito do "asinalamento", vitimizando ao agresor?) se despois non aparece información que desminte isto e que se lle proporcionou á parte mediadora: a persoa agravante reincidiu no seu comportamento violento nada menos que o ano pasado na cidade da Coruña, noutra feira do libro.

Por outra banda, o punto no que es compañeires comparten que "Non existen datos, testemuños nin publicacións onde se suxira ou probe que a persoa acusada estivese envolta en ningunha outra relación de maltrato, polo que a acusación de reincidencia demóstrase infundada" parece contraditorio: se hai acusacións, hai testemuños e datos. Se a reincidencia á que se refiren é en relación á violencia descontextualizada e non en vínculos sexo-afectivos de maltrato machista, como acabamos de apuntar, si que se deu e, polo tanto, si é reincidente.

Non cremos nos vetos permanentes nin tampouco queremos negarlle a oportunidade á parte acusada de restaurar a súa situación nin reparar os danos ás vítimas (non nos esquezamos nos nosos discursos na reconstrución emocional das partes afectadas e na súa propia reinserción afectiva). Convidamos a un proceso serio de mediación con tempo abondo e motivación desinstrumentalizada no que sexa o agresor, logo dun proceso de transformación persoal, o preocupado por aportar a información e mobilizar o interese antes de que cheguen as acusacións ou o perigo de veto dende fóra. Non dubidamos do seu azo conciliador e agardamos que actuará da maneira que considere sexa menos problemática a nivel colectivo.

En relación aes compañeires de Vigo, tamén ás editoriais nos afectou emocionalmente este proceso e quixemos verbalizar o noso disenso sen querer caer en nada parecido ao boicot e apreciando o valor do seu traballo. Agardamos poder colaborar noutras ocasións e mesmo traballar en conxunto na elaboración de protocolos coidados, plurais e que teñan ás mulleres e identidades de xénero disidentes no centro, para sabermos xuntes como atravesar este tipo de tensións no seo das nosas militancias.

Saúde e anarquía,

As editoras ausentes